

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 26 de setembro de 2016 pola que se modifica a Resolución do 30 de novembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas do programa Conecta Peme para fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema rexional de innovación, a través do apoio a proxectos de investigación e innovación orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

Mediante a Resolución do 30 de novembro de 2015 (DOG núm. 243, do 22 de xaneiro), establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas do programa Conecta Peme e procédese á súa convocatoria para o ano 2016.

O artigo 33.4 da devandita resolución establece que, para os efectos de facilitar a xestión do orzamento adxudicado, se poderá solicitar unha redistribución das anualidades concedidas, cun límite do vinte por cento do custo concedido para cada anualidade, aumentando proporcionalmente o resto das anualidades orzadas. Esta redistribución deberá ser solicitada antes do 1 de outubro da primeira anualidade afectada.

Debido ao elevado volume de solicitudes presentadas e á complexidade técnica que implica a súa avaliación estase a producir unha demora na resolución desta convocatoria sobre os prazos inicialmente previstos, polo que se considera necesario modificar a data de remate do período en que se poden solicitar redistribucións de anualidades, tendo en conta que con esta modificación non se causa prexuízo a terceiros.

En consecuencia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación,

RESOLVO:

Artigo único

Modificación do artigo 33.4 da Resolución do 30 de novembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva,



das axudas do programa Conecta Peme para fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema rexional de innovación, a través do apoio a proxectos de investigación e innovación orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

O artigo 33.4 da referida resolución queda redactado nos seguintes termos:

«Para os efectos de facilitar a xestión do orzamento adxudicado poderase solicitar unha redistribución das anualidades concedidas, cun límite do vinte por cento do custo concedido para cada anualidade, aumentando proporcionalmente o resto das anualidades orzadas. Esta redistribución deberá ser solicitada antes do 1 de outubro da primeira anualidade afectada. Para o ano 2016 a redistribución poderá ser solicitada antes do 1 de novembro».

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2016

O director da Axencia Galega de Innovación
P.S. (Orde do 8.7.2016; DOG núm. 131, do 12 de xullo)

Borja Vereza Fraiz

Secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria

